






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

ÍNDICE

1.	CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO.....	1
1.1.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO	1
1.2.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO	2
1.3.	DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO	3
1.4.	BASES CARTOGRÁFICAS.....	4
2.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	5
3.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	6
3.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	6
3.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	7
4.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO	13
5.	DESCRICIÓN DO ÁMBITO	16
6.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	17
7.	ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)	18
8.	ANEXO PLANOS	32



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Únha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

1. CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO

1.1. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO

Boa parte do itinerario coñecido como Camiño Inglés é coincidente cos Camiños Reais que comunican as cidades de A Coruña e Ferrol coa de Santiago de Compostela. A metodoloxía executada no proxecto de delimitación que conduce a este expediente ten en conta este feito, sendo a existencia de vestixios funcionais do Camiño Real o principal criterio para a delimitación do trazado.

Os criterios específicos de delimitación da traza principal do Camiño Inglés son:

- Recuperación das trazas conservadas do Camiño Real alí onde exista.
- Para dar continuidade ao camiño tradicional nos lugares onde este teña desaparecido buscouse unha traza funcional, capaz de asegurar o tránsito, que discorra por camiños públicos, que siga a mesma lóxica territorial dos camiños tradicionais e que, ademais, posúa os seguintes valores:
 - Valores patrimoniais de todo tipo.
 - Valores medioambientais, en estreita relación coa paisaxe cultural, pero que contemple tamén aspectos fisiográficos e de relevo.
 - Seguridade para o tránsito de peregrinos, nas súas diferentes modalidades.

Ademais da traza principal, a delimitación abarca trazados de vestixios históricos e trazados complementarios:

- Os trazados de vestixios históricos están compostos pola traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
- Os trazados complementarios son aqueles que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

TRAZADO DO CAMIÑO



Comprende a delimitación realizada en virtude das consideracións anteriores. Será o Camiño Delimitado e polo tanto o que establece a Lei 3/1996. O seu percorrido será continuo dende os Concellos de Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela.

TRAZADO DE VESTIXIOS HISTÓRICOS



Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.

TRAZADO COMPLEMENTARIO




Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

1.2. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO

En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

Diferéncianse tres ámbitos que argumentan a delimitación:

– Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.



Imaxe da delimitación no Concello de Abegondo.

– Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximo, inclúense as parcelas catastrais.



Imaxe da delimitación no Concello de Oroso.

- Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño.




Imaxe da delimitación no Concello de A Coruña.

1.3. DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO

A delimitación gráfica do trazado levouse a cabo tal e como se establece na Lei 3/1996. Segundo o establecido por esta, nos artigos 6 e 16, a delimitación do Camiño estará constituída pola plataforma por onde discorre, tendo que delimitarse unha zona lateral de protección do Camiño de tres metros a partir das arestas desta e unha zona de protección do contorno de trinta metros a partir da mesma aresta.

Naqueles casos nos que haxa que recuperar tramos do Camiño, e segundo o artigo 1, a anchura virá constituída por unha franxa de, polo menos, tres metros. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte deste o terreo ocupado polos soportes da estrutura.



Imaxe da delimitación gráfica do trazado nos Concellos de Santiago de Compostela e Paderne.

1.4. BASES CARTOGRÁFICAS

As bases cartográficas constitúen un elemento imprescindible para a plasmación gráfica da delimitación que se pretende levar a cabo. Seguindo un criterio de homoxeneización da cartografía a empregar para todo o territorio obxecto de estudo empréganse dúas fontes de información: a cartografía 1/5.000 da Xunta e as extraccións a data de xuño de 2012 das bases catastrais dos Concellos obxecto de estudo.

Con estas bases cartográficas melloradas a escala de traballo empregada para a delimitación foi 1/2.000, se ben a escala xeral de representación empregada é 1/10.000.

De cara a identificar os trazados de carácter histórico empregouse a ortofoto correspondente ao voo e catastro do ano 1956 así como, entre outros, cartografía variada do século XVIII, o mapa eclesiástico de 1825, a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845, o mapa do exército da provincia da Coruña de 1884 así como o itinerario militar do mesmo ano ou a serie cartográfica MTN 50.000 dos anos 1929 a 1949 do Instituto Xeográfico Nacional.

Para os traballos de delimitación empregáronse ademais as ortofotos máis recentes dispoñibles do ámbito obxecto de estudo. Para iso se ha contado co voo do PNOA correspondente ao ano 2008.

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

Fray Martín Sarmiento cita na súa viaxe a Galicia en 1745, a parroquia de Santa María de Miño, a ponte sobre o río Baxoi, así como as aldeas de Bañobre e Viadeiro, como puntos de paso na súa ruta cara a Ferrol. A ponte sobre o río Baxoi foi construído no século XIV por orde do Fernán Pérez de Andrade.

Segundo citan José Raimundo Núñez-Varela Lendoiro, Manuel Pérez Grueiro e Ana López Brey en "A Hospitalidade no Camiño Inglés", en Miño os peregrinos obtiñan refuxio e asistencia no lugar de Rigueiro, nunha casa que contaba con lintel gravado con sinais identificadoras de hospitalidade no camiño.

Elisa Ferreira Priegue cita na súa descrición do Camiño entre Betanzos e Cedeira, a parroquia de Santa María de Miño, antiga bailía do Tempero. Isto é, antigo territorio baixo a xurisdición da Orde do Tempero. Máis adiante, o camiño prosegue por Santa María de Castro.

3. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

A entrada da ruta xacobeá no municipio de Miño realízase a través dunha estrada veciñal que discorre pola aba baixa do monte Breamo. O trazado descende ata o núcleo de Buíña, toma un camiño que avanza entre prados e penetra a través dun piñeiral chegando á urbanización Costa-Miño. Sen chegar a tomar contacto con esta urbanización, o peregrino prosegue por un sendeiro paralelo á rúa O Rego de Andel. Este sendeiro desemboca na Avenida Xario, cruzándoa transversalmente e retrocedendo posteriormente para rodear o campo de golf. Este paso xunto ao campo de golf realízase a través dun camiño de terra que descende ata pasar sobre un regato para despois comezar a ascender por unha corredeira entre bosque autóctono.

Deste xeito chégase a un viaduto que cruza sobre a autoestrada AP-9. Superado o paso sobre a autoestrada, o trazado discorre en paralelo a ela e aos viais de acceso á área de servizo de Miño. A continuación toma unha pista que gaña altura a través dun bosque de espeso arboleda onde predominan os eucaliptos. Esta pista desemboca nunha estrada veciñal pola que se accede ao núcleo de Viadeiro. A ruta xacobeá atravesa esta poboación na que se alternan edificacións tradicionais con outras contemporáneas. A través de corredeiras pavimentadas descéndese suavemente ata o enclave de Ponte Baxoi.

A ponte sobre o río Baxoi forma parte da rede de pontes mandadas construír por Fernán Pérez de Andrade "O Bó". Xunto á ponte sitúase unha pequena área de descanso. Tras cruzar por esta ponte de fábrica pétreá, a ruta pasa baixo a ponte dunha estrada e continúa por un camiño que discorre en paralelo á estrada N-651. Este camiño áchase a menor cota, avanzando por unha zona con abundosa vexetación entre a devandita estrada e as brañas da ría.

Tras pasar baixo o viaduto co que a AP-9 supera a marisma formada pola desembocadura dos ríos Baxoi e Grande, o trazado continúa por un camiño herboso contiguo ao muro de contención do acceso á autoestrada dende a praia Grande de Miño. Unha vez que este acceso se converte en viaduto, a ruta paso baixo este e xira rodeando o muro. O peregrino continúa por unha pista de terra e pouco despois xira á dereita por un camiño que o conduce ata a zona urbana de Miño. A través da rúa do Regueiro ascéndese ata a rúa Fonte e posteriormente a ruta xacobeá discorre pola rúa Fonte e segue pola estreita rúa Pardiñeira. Tras cruzar a Estrada da Praia, o trazado inténase na rúa Real que é percorrida na súa totalidade. Posteriormente sobe ata tomar a rúa Barrosa pola que se abandona a poboación de Miño.

O peregrino cruza sobre a vía do ferrocarril Betanzos - Ferrol a través dun paso peonil. Superado este paso, realízase un zig-zag poñendo dirección cara á praia da Alameda a través dunha estrada veciñal. Deixando a devandita praia a man dereita, chégase o enclave onde se situaba o ponte do Porco e que actualmente conserva una escultura do emblema dos Andrade. Sen cruzar o moderno ponte do Porco, pásase baixo a ponte da estrada N-651 e toma a estrada AC-4804 que discorre pola ribeira dereita do río Lambre. Tras pasar novamente baixo un viaduto da AP-9, o trazado chega ao límite municipal con Paderne.

3.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado 1997 e trazados do Camiño, complementario e trazado con vestixios históricos Miño. Elaboración propia

TRAZADO DO CAMIÑO



TRAZADO CON VESTIXIOS HISTÓRICOS



TRAZADO COMPLEMENTARIO



TRAZADO 1997



O trazado delimitado contén variacións respecto ao Camiño presentado en 1997. As maiores diferenzas atópanse entre o límite municipal de Pontedeume e as actuacións de urbanización do polígono Costa Miño onde o trazado do Camiño sufriu fortes cambios e obriga a establecer novos trazados e trazados cautelados.

TRAMO A BUIÑA-URBANIZACIÓN COSTA MIÑO



No núcleo de A Buiña prodúcese a primeira diferenza entre o trazado proposto e o definido en 1997. O trazado deste último transcorre na súa totalidade por estrada, se ben o seu trazado non é característico dos camiños históricos. Establécese como trazado un sendeiro que dende a entrada do núcleo se torna en pista e que a través dun último tramo boscoso chega ata a estrada veciñal onde conflúe co anterior. Identificouse ademais un terceiro trazado de camiño con vestixios históricos que se cautela ao non ser totalmente transitable e que discorre entre os descritos anteriormente.

TRAMO URBANIZACIÓN COSTA MIÑO

O trazado de 1997 atópase hoxe en día desaparecidas pola construción da urbanización e do campo de golf. Unicamente se conserva o último tramo, paralelo á autoestrada AP-9, que pasa polo Muiño da Fraga. O Camiño proposto é un trazado de recente creación, adaptado á urbanización Costa-Miño. A primeira parte desta variante discorre por un sendeiro habilitado ao efecto, que discorre paralelo pero separado da rúa O Rego de Andel. Mantívose o trazado do ano 97 como trazado cautelado polos seus vestixios históricos.


Na segunda parte, o camiño delimitado en 1997 desapareceu ao construírse o campo de golf da urbanización, motivando a creación de novos sendeiros nos que se apoia o Camiño.

TRAMO DE BARRIO SALGUEIRO



O Camiño de 1997 toma unha estrada veciñal e finalmente atravesa terreos particulares sen que existan camiños públicos na documentación catastral. Na documentación non se aprecia a existencia de ningún camiño na devandita zona. Por iso delimitase un trazado practicamente paralelo que discorre por unha antiga corredeira asphaltada practicable na súa totalidade e identificable na documentación gráfica histórica.

TRAMO DE PONTE BAXOI



No caso de Ponte Baxoi, o camiño do ano 1997 evita o paso pola Ponte. A traza apoiase na estrada N-651 e posteriormente unícase coa delimitada atravesando terreos particulares. A Ponte Baxoi foi construído no século XIV por orde de Fernán Pérez de Andrade "Ou Bo". Aparece citado polo Padre Sarmiento nas súas anotacións sobre a viaxe a Galicia realizada en 1745. Esta ponte marca un punto de paso obrigado en toda ruta de carácter medieval. Ademais, o ámbito da ponte está axeitadamente adaptado cunha pequena área recreativa que serve de descanso ao peregrino. Marcouse como camiño de vestixios históricos o trazado que realizaba o camiño antes das obras viarias levadas a cabo no ámbito da ponte.

TRAMO URBANO DE MIÑO



No acceso ao centro urbano de Miño, realízase un pequeno axuste do trazado para que coincida co parcelario actual e establécese un trazado de vestixios históricos desaparecido baixo a saída da autoestrada e os bucles de acceso e saída da mesma.

O trazado de 1997 evita o paso pola Rúa Real discurrendo pola Rúa dá Carreira. Esta variante carece de rigor histórico, xa que a Rúa Real é un dos viarios históricos da poboación de Miño mantendo aínda hoxe en día algúns trazos arquitectónicos e urbanísticos das orixes desta poboación. Por iso delimítase como Camiño o paso pola devandita rúa.

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO

O trazado ao seu paso polo municipio de Miño ofrece diversas tipoloxías de pavimentos. Tras un primeiro tramo por pistas perfectamente asfaltadas, dende Buiña ata a urbanización Costa-Miño utilízanse sendeiros con conservación precaria. Algúns tramos poden ofrecer dificultades aos peregrinos en bicicleta.

No que se refire ao paso xunto á urbanización Costa-Miño, o trazado discorre por un sendeiro que foi acondicionado para a ruta xacobeá, polo que non presenta problemas. Non obstante, o seu estado de conservación pode ser mellorado.

A saída da urbanización tras o paso polo campo de golf, realízase por unha corredeira con chan de terra que en épocas húmidas se embarra, dificultando o paso dos peregrinos. Isto mesmo sucede con algúns tramos do camiño que leva dende o paso sobre a autoestrada AP-9 ata as proximidades do núcleo de O Outeiro. En todo o tramo que dende O Outeiro descende a Ponte Baxoi, a ruta apóiase en pistas asfaltadas en perfecto estado.


En Ponte Baxoi iníciase un tramo que discorre por un sendeiro que avanza entre vexetación ata pasar baixo o viaduto da AP-9. Este camiño encóntrase ben definido, pero nalgúns tramos áchase invadido pola vexetación e o firme herboso vólvese barro en época de chuvias.

A chegada á poboación de Miño achega un tramo totalmente urbano á traza xacobeá. O paso pola capital municipal se realiza por rúas e prazas que non supoñen ningún problema para o peregrino. A saída da zona urbana se realiza cruzando sobre a vía férrea por unha pasarela peonil en boas condicións de conservación e adaptada ao paso de persoas con minusvalías.

O resto do trazado transcorre por pistas e estradas asfaltadas en bo estado de conservación. Tan só é destacable o tramo final pola estrada AC-4804, xa que non dispón de beiravía para o tránsito peonil.

Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o Índice de Calidade Percibida e o estado de conservación do pavimento. En ambos os dous casos defínese unha situación denominada “Cautela” para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a sê-lo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.


ÍNDICE DE CALIDADE PERCIBIDA DO CAMIÑO (ICC)



	Calidade do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Moi mala	2.5	25.1%	1.7%
	Mala	1.7	17.1%	1.2%
	Media	2.5	25.3%	1.7%
	Boa	1.0	10.6%	0.7%
	Moi boa	2.0	20.1%	1.4%
	Excelente	0.2	1.8%	0.1%
	Total xeral	9.8	100.0%	6.9%

Indicador creado para representar de forma sintética a conservación e calidade global de cada treito de camiño, combinando o estado de pavimento, a adecuación do entorno, a paisaxe percibida, a visibilidade e o tipo de plataforma.

CONSERVACIÓN DO CAMIÑO



Conservación do Camiño		Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
  	Boa	4.8	49.0%	3.4%
	Regular	2.5	25.7%	1.8%
	Mala	2.5	25.3%	1.7%
Total xeral		9.8	100.0%	6.9%

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Santiago.



5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO

O ámbito entra no concello de Miño cunha marcada dirección norte-sur até chegar ao entorno próximo a Viadeiro, núcleo onde xira levemente cara ao oeste cinguíndose á beira do esteiro do río Baxoi. Ao alcanzar a localidade de Miño, o percorrido discorre próximo a liña de ribeira até chegar a Ponte do Porco onde o ámbito continúa en dirección leste antes de internarse no concello de Paderne.

Preto do único campo de golf existente no municipio, o camiño pasa moi próximo ao límite do concello de Pontedeume, polo que parte do ámbito está dentro do límite municipal veciño.

As parroquias polas que discorre a delimitación do Camiño son San Xoán de Vilanova, Santa María de Castro, San Salvador de Leiro e Santa María de Miño. Na primeira parroquia o ámbito só recolle o núcleo de Buíña mentres que na derradeira ningún. Nas parroquias centrais engloba os núcleos do Outeiro, Viadeiro, Miño e A Ponte do Porco.

O límite oeste do ámbito entra no concello de Miño recorrendo zonas de arboredo e terras de labor deixando á dereita os núcleos de A Graña, O Valgote e A Modia. Continúa próximo á rotonda que dá acceso a urbanización en construción, pasando polo campo de golf e recollendo a gasoleira ao entrar na parroquia de Santa María de Castro. Despois de abranguer unha zona boscosa o límite cínquese ao camiño entre O Outeiro e Viadeiro. Despois de penetrar unha masa boscosa atopa a estrada N-651, a cruza e se interna na vexetación próxima a desembocadura do río Baxoi, bordeando a marisma e entrando nesta nas inmediacións á peaxe da autoestrada AP9. Despois de atravesar a ponte do ferrocarril, deixando á dereita Telle o ámbito entre na parte norte do núcleo de Miño cinguíndose a límites de edificacións de varias mazás, até chegar a rúa Pumarega e a súa perpendicular, a rúa do Mercado. O ámbito segue en dirección suroeste recorrendo o límite urbano de Miño para despois adoptar a liña de ribeira e cruzar o río Lambre, internándose no concello de Paderne.

Polo leste, o ámbito, adopta a marxe dereita da estrada AC-4802, até chegar á parte norte da urbanización en construción, cruzando o campo de golf. Neste punto o ámbito inténase nunha zona de monte, do cal unha pequena área pertence ao concello de Pontedeume até que atopa unha instalación industrial que bordea polo norte. Deseguido descende cara ao sur bordeando o castro de Mouros e achegándose as terras de labor asociadas a Viadeiro. Tomando a dirección sueste chega ao núcleo de Miño despois de deixar Leiro a esquerda e A Ponte Baxoi a dereita e percorrer terras dedicadas a cultivo e silvicultura. Inténase no núcleo principal do concello dende a rúa Raxoi, pasando un treito polo límite de parcelas construídas con fronte a mesma estrada, para continuar pola fachada norte da rúa do Carreira. Deseguido transcorre pola fachada sur e abandona esta rúa para proseguir pola fachada oeste da rúa do Curro. Tras cinguirse á marxe esquerda a estrada nacional N-651 e deixar ao oeste A Ponte do Porco, o límite cruza a autoestrada e se interna no monte até chegar ao río Lambre.

6. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Ponte Baxoi	A Ponte Baxoi	Castro (Santa María)	Arquitectura civil	565.520	4.800.953
Capela de Santiago	A Ponte do Porco	Miño (Santa María)	Arquitectura relixiosa	564.878	4.798.832
Pazo Echeverría	A Ponte do Porco	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.854	4.798.867
Antiga Ponte do Ferrocarril	A Barrosa	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.525	4.799.395
Ponte do Porco	A Ponte do Porco	Miño (Santa María) - San Pantaleón das Viñas (San Pantaleón)	Arquitectura civil	564.888	4.798.566
Villa Carmen	Rúa Barrosa nº 25	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.395	4.799.595
Lavadoiro de Buíña	Buíña	Vilanova (San Xoán)	Elementos etnográficos	566.304	4.804.917
Casa en Viadeiro	Viadeiro	Castro (Santa María)	Elementos etnográficos	566.312	4.801.903
Conxunto tradicional en Viadeiro	Viadeiro	Castro (Santa María)	Elementos etnográficos	566.167	4.801.553
Casa en Miño	Rúa Carreira nº 47	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.372	4.799.699
Casa en Miño (II)	Rúa Carreira nº 53	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.395	4.799.730
Pasarela no camiño	A Fraga - Campo de Golf	Castro (Santa María)	Elementos etnográficos	566.195	4.803.330
Muíño da Fraga	A Fraga - Campo de Golf	Castro (Santa María)	Elementos etnográficos	566.082	4.803.044
Casas con galería	Rúa da Barrosa nº 26-8	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.433	4.799.865
Fonte de Miño	Praza do Mercado s/n	Miño (Santa María)	Elementos etnográficos	564.545	4.800.017
Casa en Miño (I)	Rúa da Barrosa nº 74	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.379	4.799.680
Casa en Miño (II)	Rúa da Barrosa nº 29	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.370	4.799.678
Casa en Miño (III)	Rúa da Barrosa nº 66	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.390	4.799.640
Casa en Miño (IV)	Rúa da Barrosa nº 60-2	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.418	4.799.643
Casa en Miño (VI)	Rúa da Barrosa nº 19	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.391	4.799.620
Casa na Ponte do Porco (I)	A Ponte do Porco nº 29	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.848	4.798.701
Casa na Ponte do Porco (II)	A Ponte do Porco nº 23	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.852	4.798.685
Casa na Ponte do Porco (III)	A Ponte do Porco nº 21	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.864	4.798.667
Casa na Ponte do Porco (IV)	A Ponte do Porco nº 28	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.862	4.798.670
Casa na Ponte do Porco (V)	A Ponte do Porco nº 20	Miño (Santa María)	Arquitectura civil	564.887	4.798.644
Cruceiro da Ponte do Porco	A Ponte do Porco - Alameda	Miño (Santa María)	Elementos etnográficos	564.864	4.798.627
Castro de Mouros.	O Castro.	Leiro (San Salvador).	Castro/Asentamento fortificado.	566.684	4.802.160
O Castrelo	-	Castro	Castro	566.317	4.802.720

7. ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013




014



015



016



017



018



019



020




021




022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044




045



046



047




048



049



050



051



052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067



068



069



070



071



072



073



074



075



076



077



078



079



080



081



082



083



084



085



086



087



088



089



090



091



092



093



094



095



096



097



098



099



100



101



102



103



104



105



106



107



108



109



110



111



112



113



114



115



116



117



118



119



120



121



122



123



124



125



126



127



128



129



130




131



132



133



134



135



136



137



138



139



140



141



142



143



144



145



146



147



148



149



150



151



152



153



154



155



156



157



158



159



160



161



162



163



164



165



166



167



168



169



170



171



172



173



174



175



176



177



178



179



180



181



182



183



184



185



186



187



188



189



190



191



8. ANEXO PLANOS